



EXPEDIENTE: 1333/441	TIPO EXPTE: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	SOLICITANTE: Fomento

## INFORME XUSTIFICATIVO DA CONVENIENCIA E NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)”.

### I. ACTUACIÓNS PREPARATORIAS DO CONTRATO DE OBRAS (APROBACIÓN DO PROXECTO) ARTIGOS 231 E SEGUINTE DA LCSP

1.- Polo departamento de Fomento, preséntase proxecto de “**MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)**”, redactado polos Enxeñeiros Municipais de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de **NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (95.454,27 €)**.

2.- Previo informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 24.02.2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en data 24.02.2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 01.03.2021 aprobou o proxecto de “**MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA (VALADARES)**”, redactado polos Enxeñeiros Municipais de Camiños Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez e D. Jerónimo Centrón Castaños, cun orzamento base de licitación máis IVE de **NOVENTA E CINCO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS (95.454,27 €)** e data febreiro de 2021 e sinatura dixital de data 24.02.2021.

3.- En data 22 de febreiro de 2022, a Xunta de Goberno Local acordou en sesión ordinaria aprobar a participación do Concello de Vigo no “**PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023**” .

4.- En data 25.02.2022, presentouse no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia solicitude para participación do Concello de Vigo no PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS.

5.- Con data 13 de xuño de 2022, recíbese notificación de resolución de concesión de axuda a favor do Concello de Vigo, ao abeiro do Plan De mellora De Camiños Municipais De Acceso a Parcelas Agrícolas 2022-2023, por importe de **81.518,00 €**, coa seguinte distribución por anualidades:

2022	2023
------	------



<b>EXPEDIENTE:</b> 1333/441	<b>TIPO EXPTE:</b> INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	<b>SOLICITANTE:</b> Fomento

19.419,82 €

61.834,64 €

Na mesma resolución indícase que o prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2022 será o 15 de outubro de 2022. O feito de non xustificar correctamente esta anualidade devirá na perda parcial do dereito ao cobramento da axuda, polo importe non xustificado. O prazo final de xustificación será o 30 de maio de 2023.

## **II. NECESIDADE E IDONEIDADE COA QUE SE PRETENDE DAR SATISFACCIÓN ÓS ARTIGOS 1, 28 E 116 DA LCSP**

### **1. Necesidade.**

En cumprimento do artigo 28 da LCSP, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato proxectado, xustifícanse na necesidade de reparación, conservación e mellora dunha infraestrutura de titularidade municipal. Estas necesidades e a idoneidade das obras proxectadas para satisfacelas atópanse definidas detalladamente xunto co seu alcance, na memoria e no proxecto básico.

Tal e como se indica na memoria descritiva do proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local, trátase dunha actuación de mellora, mantemento e conservación dun camiño de titularidade municipal, consistente no reforzo do firme existente coa incorporación de nova capa de rodaxe axeitada ás características do tráfico que soporta, que leva aparelada obras de mellora do drenaxe, seguridade viaria, reforzo de paredes, adecuación de obras de paso de canles e reforzo de cunetas, así como a integración ambiental o a mellora da sinalización.

### **2. Idoneidade.**

A idoneidade das obras obxecto desta contratación para satisfacer as anteditas necesidades, desenvólvese no Proxecto. Así, a actuación descrita na memoria do proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local, desenrolase nun tramo do camiño Valada na parroquia de Valadares, pertencente ao Concello de Vigo.

Trátase dunha calzada con dobre sentido da circulación, cunha anchura media de 6,00 m, existen zonas estreitas, pero tamén zonas con sobre ancho. Este camiño, da servizo aos veciños da zona e



<b>EXPEDIENTE:</b> 1333/441	<b>TIPO EXPTE:</b> INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	<b>SOLICITANTE:</b> Fomento

a numerosas parcelas agrarias. No inicio do camiño polo camiño Portal existe un pequeno tramo que da acceso a varias vivendas e á piscina municipal de Valadares, pero na súa maior parte dá acceso a parcelas de uso agrario. O pavimento da calzada actual composto por paquete de firme asfáltico, atópase moi deteriorado con grandes zonas con descarnaduras, reposicións, ademais de fochas e outras totalmente agretadas. No trazado aprécianse arquetas de servizos.

Por todo iso, a actuación se desenrola nun tramo do camiño Valada na parroquia de Valadares consisten nas seguintes obras:

- Previamente efectuarse o corte de pavimento asfáltico ou de formigón nas zonas previstas no proxecto, posterior fresado do pavimento existente tanto de pavimento bituminoso como de formigón cun espeso medio de 5 cm., Limpeza e preparación de explanación en camiños estreitos por medios manuais o mecánicos. Posterior tratamento de adherencia con dotación de 1,0 Kg de ECR-2, para posterior aplicación de aglomerado en quente tipo D-12 de uns 5 cm., de espesor, estendido e compactado.
- Preparación a base de recalce de tapas de rexistro con dados de formigón, así como recrecido dos pozos de rexistro existentes, a cota final. Recolocación de tapas de fundición dúctil co seu correspondente marco de suxeición e ancoraxe.
- Unha vez finalizado o proceso de reposición de pavimento e tapas procederase a o marcado do vial de acordo coas indicación no proxecto.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de **3 (TRES) meses**.

En definitiva, a necesidade e idoneidade da contratación, fundaméntase en relación co obxecto desta actuación, a cal está vinculada á mellora e conservación dunha infraestrutura viaria de titularidade municipal, destinada directamente ao desenvolvemento dos servizos públicos de competencia local, polo cal, tendo en conta aspectos específicos do proxecto a executar, faise necesario proceder a súa contratación, xa que o Concello de Vigo, non conta con recursos propios para a execución destas actuacións, dado que as mesmas demandan a execución de actuacións de obras cunha esixencia de man de obra e maquinaria, que non poden ser executados directamente pola propia estrutura municipal, polo cal entendese necesario acudir a unha contratación de obras para poder executar o proxecto previsto.



<b>EXPEDIENTE:</b> 1333/441	<b>TIPO EXPTE:</b> INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	<b>SOLICITANTE:</b> Fomento

### **III. FINALIDADE INSTITUCIONAL, COMPETENCIAS MUNICIPAIS**

A finalidade a satisfacer pola administración municipal con este contrato é a mellora, reparación e conservación dunha infraestrutura viaria de titularidade municipal vinculada á competencia municipal propia de carácter obrigatorio segundo o disposto no artigo 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigos 80.2.d e 81.a da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

### **IV. NATUREZA DAS OBRAS E FINANCIAMENTO**

1. A tenor do establecido no artigo 232 da LCSP, a actuación proposta, polo seu obxecto e natureza, encadrase na tipoloxía de obras de conservación e mantemento dunha infraestrutura propiedade da entidade local, supoñendo un incremento da capacidade e eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que presta dita infraestrutura.

En base o exposto, esta actuación cualificarase como contrato de obras segundo o disposto no artigo 13 da LCSP.

2. Trátase dunha actuación subvencionada parcialmente pola Axencia Galega de Desenrolo Rural, mediante concesión directa de axudas correspondentes ao “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023”, financiada con fondos propios da Consellería de Medio Rural, por importe de 81.254,46 €. O citado Plan ten como obxecto a mellora das infraestruturas no medio rural de titularidade municipal. Entre a tipoloxía de actuacións previstas, atópase o reforzo de firmes e mellora do drenaxe superficial, que constitúen o obxecto do proxecto de “MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA VALADARES”.

### **V. CONCLUSIÓN**

Por todo o exposto considérase necesario e conveniente a contratación das obras para **“MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA VALADARES”**.

O Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas- Jerónimo Centrón Castaños



<b>EXPEDIENTE:</b> 1333/441	<b>TIPO EXPTE:</b> INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	<b>SOLICITANTE:</b> Fomento

O Técnico de Administración Xeral. Luis Javier Mosquera Docampo

## DECRETO

Á vista do informe xustificativo da necesidade e idoneidade, no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Disposición adicional 2ª.4 da LCSP, Decreto de Delegación de Alcaldía de datas 25 de abril de 2018 e 18 de xuño de 2019, e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019),

**RESOLVO:** “Iniciar expediente para a contratación das obras para o **MELLORA E REFORZO DO FIRME EXISTENTE NO CAMIÑO VALADA VALADARES.**

Vigo, na data da sinatura electrónica

Asinado dixitalmente polo Concelleiro Delgado de Fomento e Servizos.- F. Javier Pardo Espiñeira.

Dou fe, A Secretaria do Goberno Local.

Susana Gallardo Fariña